

¿Cómo chegar a saída?



CONCELLO MUIÑOS - ALOXAMENTOS PROPIOS

- Casa Turismo Rural Grupo A Reitoral San Pedro 8 Habitacións
- Apartamentos Turísticos 6 apartamentos de 6 prazas
- Vivenda de Turismo Vacacional en Complexo Turístico Deportivo "O CORGO" Habitacións de 6 prazas en litera con aseo

PRAZA SAN ROSENDO
32880 MUIÑOS
TELF.: 988 456 403 - 988 406 075
FAX: 988 458 480

CONCELLO MUIÑOS - ALOXAMENTOS PRIVADOS

www.xures.es
casasvacacionales@msn.com
Telf. responsable: Jose Manuel 629 158 622

LOBIOS
HOTEL LUSITANO
Ctra. Portugal, 47
32870 Lobios
Telf.: 988 448 028
Fax: 988 448 086

XIII andaina

polo

Parque Natural Baixa Limia

SERRA DO XURÉS

5 DE XUÑO 2011


ás 9:00 h.

Día do Medioambiente

Organiza e Patrocina:
Concello de Muíños

- Colaboran:
- Base REDONET
 - Agrupación de Protección Civil Muíños
 - Xunta de Galicia
 - Parque Natural Baixa Limia
 - Serra do Xures
 - Caixanova
 - Deputación Provincial de Ourense
 - Aguas de Mondariz
 - Begano, sa - Coca cola
 - Cuevas
 - INORDE

PERFIL DA ANDAINA POLA SERRA DO XURÉS



SINOPSIS DA PROBA

Coa **ANDAINA POLA SERRA DO XURÉS**, preténdese dar a coñecer a tódolo/las participantes a beleza da paraxe da Baixa Limia - Serra do Xurés, xa que ó longo de todo o percorrido, multitude de imaxes naturais, regatos, flora autóctona (piñeiros, carballo, ... etc.), aldeas antigas abandonadas, restos megalíticos, vistas panorámicas, etc., sorprenden de tal maneira que fan desta proba unha das máis fermosas e completas do calendario galego.

REGULAMENTO

1 - **ORGANIZACIÓN** - A proba está dirixida polo CLUB UNIVERSITARIO DE CULTURA E OCIO DE OURENSE.

2 - **INSCRICIÓN** - As inscricións poderán realizarse en:

- **Base: REDONET** (Rúa Ervedelo, 25)
Teléfono: 988 22 26 92
Fax: 988 22 59 60

- A data límite para a inscrición será o **XOVES DÍA 2 DE XUÑO**.

- O número máximo de participantes será de 250.

- **A inscrición será de 7 €**, e os participantes terán dereito a:

- Transporte dende Ourense (Pavillón dos Remedios, 7:30 horas) ata a zona de saída (A Cela-Lobios)
- Avituallamentos (4 en total)
- Duchas en O Corgo, e xantar.
- Buff.
- Transporte de regreso a Ourense dende O Corgo.

3 - **SAIDA** - Terá lugar dende A CELA-LOBIOS (720 metros), **a partir das 9:00 horas da mañá do DÍA 5 DE XUÑO**.

É preciso estar no punto de saída 15 minutos antes do inicio da proba.

Tódolos participantes levarán o seu dorsal na parte dianteira, e porase outro na mochila ou similar que entregarán á Organización para o seu traslado á META, dende Mugueimes.

4 - **ITINERARIO** - Estará perfectamente sinalado dende a saída ata a meta, para que non haxa ningunha posibilidade de perda. Serán puntos de paso obrigado: A CELA (Saída) - ALVITE - GANDARACHA - SALGUEIROS - CARBALLEDA DE BARXA - PORTELA DE PITOES - ALBERGUE "O PISCO" (Meta).

-**Distancia do percorrido**: 16,650 kilómetros.

-**Tempo límite**: 5h.

5 - **AVITUALLAMENTO** - Ó longo do percorrido haberá CATRO puntos de avituallamento coa finalidade de proveer ós participantes de auga e outros líquidos. Estarán ubicados en:

- 1.- ALVITE, Km. 3
- 2.- SALGUEIRO, Km. 8
- 3.- CARBALLEDA DE BARXA, Km. 11
- 4.- ALBERGUE, Km. 16,6 - Meta

6 - **CONTROIS E CALIFICACIÓNS** - Os controis estarán situados nos puntos de avituallamento polos que e obrigado de pasar e acreditarse, para poder optar á Medalla Acreditativa.

7 - **OBSERVACIÓNS** - Se en calquera momento da proba algun/ha participante se amosa canso ou sofre algunha lesión importante, debe comunicalo a outro participante ou, se é posible, achegarse ó control máis próximo.

A organización disporá dun servizo de controis itinerantes para solucionar este tipo de problemas.

É recomendable que os participantes dispoñan de licenza federativa ou conten cun seguro para o suposto de calquera accidente o longo do percorrido.

8 - INDICACIÓNS DE INTERESE XERAL

1º - ¡MOI IMPORTANTE! RESPETAR O ENTORNO NATURAL E NON DEIXAR RESIDUOS CONTAMINANTES. "E unha súplica polo medio ambiente".

2º - Os autobuses sairán do PAVILLÓN DE DEPORTES "OS REMEDIOS", de Ourense, as 7:30 horas do DOMINGO 5 DE XUÑO, POLO QUE HAI QUE ANOTARSE NO BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN PARA TER PRAZA NELES.

3º - NO COMPLEXO TURÍSTICO DE O CORGO haberá duchas para as persoas que queiran facer uso delas.

4º - **A tódolos participantes, o Concello convidavos a xantar no comedor do complexo.**

5º - Ó remate do xantar haberá sorteo de agasallos entre os participantes.

6º - **Os participantes que vaian en coches particulares deberán deixalos en MUGUEIMES onde tomarán un autobús que os levará a saída, e o remate da proba voltarán en autobús para recollelos.**

